

## ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2019

Sras./Sres. Asistentes:

### ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

### CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M<sup>a</sup> ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M<sup>a</sup> GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGUEL ALVES LAGO

### Non asiste:

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

### SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28 de febreiro de 2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de xaneiro de 2019.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xaneiro de 2019.

3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

4. Toma de coñecemento do informe do 4º trimestre de 2018 de morosidade, ao abeiro do disposto na Lei 5/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

5. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario e de cambio de finalidade de financiamento afectado en relación coas obras de renovación da rede de auga en Avda. Doutor Tourón. (Exp. nº 02/CF/2019)

6. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional das Mulleres.

1. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, en apoio ás reivindicacións do 8 de marzo.

2. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría de apoio á folga feminista do 8 de marzo.

3. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación con actuacións no entorno do Río do Con e Travesía Alejandro Cerecedo.

4. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre Regulación mediante ordenanza municipal da circulación de vehículos de mobilidade persoal en Vilagarcía.

5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE en relación coa dotación dun espazo para os xubilados da Casa do Mar.

6. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

7. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

8. Rogos e preguntas.

9. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

A presente sesión será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal/>

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE XANEIRO DE 2019..-** Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 31 de xaneiro de 2019.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal).

## **2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES XANEIRO DE 2019.:**

Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:**

<b>Nº</b>	<b>DESCRICIÓN</b>
1	Concesión de licenza para obras de ampliación da rede de telecomunicacións
2	Aprobación xustificación de gastos relativos a anticipo de caixa fixa
3	Recoñecemento de obriga de gasto
1	Aprobación de relación de facturas
2	Denegación de subvención nominativa Entidades por non presentar a conta xustificativa
10	Aprobación de conta xustificativa e recoñecemento de obriga subvención nominativa Entidades
1	Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos de persoal
1	Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos

### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XANEIRO DE 2019:**

<b>Nº</b>	<b>DESCRICIÓN</b>
5	Concesión de licenza de segregación e/ou agrupación
1	Concesión de prórroga de tres meses para finalización das obras
4	Aceptación desestímulo e arquivo de expediente de comunicación previa
14	Concesión de licenza para obras de canalización para ampliación de servizos
3	Concesión de licenza para instalación de terraza vinculada a establecemento de hostalería
1	Conformidade a proxecto de execución de construción de vivenda unifamiliar
18	Aceptación de comunicación previa de apertura para inicio e desenvolvemento de actividade
24	Aceptación comunicación previa e documentación adxunta para realización de obras
5	Concesión de licenza de obra menor
12	Concesión de licenza de obra maior
1	Desestimación de recurso de reposición contra acordo licenza de segregación
10	Concesión de licenza de primeira ocupación e/ou auga e saneamento
1	Concesión de licenza para obras de drenaxe de parcela
2	Concesión de legalización de obras
4	Iniciación expediente de orde de execución inmoble en estado de abandono
1	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
1	Declaración caducidade do procedemento de reposición da legalidade urbanística
1	Orde concesión prazo para solicitude licenza municipal de obras de acondicionamento de local
2	Arquivo expediente de reposición da legalidade urbanística
1	Requirimento aportación informe ditame de seguridade dos elementos exteriores do inmoble

- 3 Concesión de gratificación especial por substitución temporal de posto de traballo de nivel superior
  - 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
  - 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
  - 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna
  - 2 Concesión de gratificación especial por prestar servizo a noite dos días 24 e 31 de decembro
  - 2 Realización de trámite de audiencia por ausencia non xustificada de empregado municipal
  - 1 Aprobación da oferta de emprego público 2018
  - 5 Nomeamento de funcionario/a interino/a
  - 1 Delegación na Primeira Tenente de Alcalde a totalidade das funcións da Alcaldía o 23 e 24 de xaneiro
    - 1 Nomeamento como funcionarios/as de carreira deste Concello
    - 1 Amortización de prazas de auxiliar administrativo e postos de xefatura de grupo vacantes.
    - 2 Declaración de prescrición de infracción de tráfico
    - 13 Desestimación de alegacións formuladas en expedientes sancionadores de tráfico
    - 15 Sobresemento de actuacións en expedientes sancionadores de tráfico
    - 4 Iniciación de oficio expedientes sancionadores de tráfico
    - 2 Representación e defensa dos intereses do Concello exercida por Letrado en procedemento xudicial
      - 1 Aprobación expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado contrato de obras
      - 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
      - 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
      - 12 Orde de pago de facturas
      - 3 Compensación de débito e crédito
      - 5 Iniciación de procedemento sancionador por infracción de horario de apertura e peche de establecementos
        - 1 Inscripción de Asociación no Rexistro Municipal de Asociacións
        - 1 Concesión de fraccionamento de débeda

**TOTAL: 193**

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

### **3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS..-**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. José Cao García, en representación de Asociación Xubilados Casa do Mar, solicitan intervir na sesión plenaria en relación coa moción do grupo municipal do PSG-PSOE sobre a problemática do Centro Social.

A continuación polo Sr. Alcalde alterase a Orde do Día do Pleno, pasando a tratarse o asunto que figura co nº11 da mesma.

Intervén o Sr. Cao García.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE EN RELACIÓN COA DOTACIÓN DUN ESPAZO PARA OS XUBILADOS DA CASA DO MAR.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 25 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

**MOCIÓN: DOTACIÓN DUN ESPAZO PARA OS XUBILADOS DA CASA DO MAR**

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O colectivo de xubilados da Casa do Mar levan máis de cincuenta anos xuntándose nas dependencias da Casa do Mar, na Avda. da Mariña de Vilagarcía.

Nesas instalacións desfrutaban dun entorno onde compartir e realizar as súas actividades de ocio e lecer.

Por mor das obras a realizar no actual edificio da Casa do Mar, o colectivo de xubilados foi desaxolado das dependencias que ocupaban, sen compromiso nin da Xunta de Galicia, como responsable da instalación, nin do Instituto Social de la Marina, responsable do edificio, de reubicar ao colectivo una vez rematadas as obras de reformas das instalacións.

A día de hoxe, as obras do edificio non comezaron, nin a Xunta de Galicia nin o Instituto Social de la Marina buscaron unhas dependencias alternativas para o colectivo e as persoas seguen sen dispor dun espazo de encontro e lecer.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao Instituto Social de la Marina a buscar unhas dependencias apropiadas para dar cabida ás actividades do colectivo de xubilados da Casa do Mar, sempre e cando non sexa posible a súa reubicación nas instalacións da Casa do Mar, unha vez rematas as obras de reforma.

2. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos portavoces dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

3. Dar traslado ao Goberno do Estado, aos portavoces dos Grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e á Dirección General del Instituto Social de la Marina.

Vilagarcía de Arousa, 25 de febreiro de 2019

Tania García Sanmartín

Voceira do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE do informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE en relación coa dotación dun espazo para os xubilados da Casa do Mar.

Pola Sra. Suárez Sarmiento presentase unha emenda en representación do grupo municipal do PP, de modificar o punto 1, quedando do seguinte xeito:

1. Instar á Xunta de Galicia, ao Instituto Social de la Marina e ao Concello de Vilagarcía de Arousa a buscar unhas dependencias apropiadas para dar cabida ás actividades do colectivo de xubilados da Casa do Mar, sempre e cando non sexa posible a súa reubicación nas instalacións da Casa do Mar, unha vez rematas as obras de reforma.

- O Sr. Alcalde contesta que aceptan a emenda presentada.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

**ACÓRDASE:** Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Instar á Xunta de Galicia, ao Instituto Social de la Marina e ao Concello de Vilagarcía de Arousa a buscar unhas dependencias apropiadas para dar cabida ás actividades do colectivo de xubilados da Casa do Mar, sempre e cando non sexa posible a súa reubicación nas instalacións da Casa do Mar, unha vez rematas as obras de reforma.

2. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos portavoces dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

3. Dar traslado ao Goberno do Estado, aos portavoces dos Grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e á Dirección General del Instituto Social de la Marina.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**4. TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DO 4º TRIMESTRE DE 2018 DE MOROSIDADE, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI 5/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do cuarto trimestre de 2018, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	2.136.046,73	763.125,62
Investimentos reais	484.775,89	185.735,88
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
<b>TOTAL</b>	<b>2.620.822,62</b>	<b>948.861,50</b>

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.137.763,91	188.359,03
Investimentos reais	970.631,28	6.170,69
Outros pagos realizados por operacións comerciais	3.932,50	
Pendientes de aplicar a Orzamento		
<b>TOTAL</b>	<b>2.112.327,69</b>	<b>194.529,72</b>

Período medio de pago: 51,89 días

Dáse conta do informe da Interventora Delegada da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	153.888,06	0,00
Investimentos reais	29.388,77	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
<b>TOTAL</b>	<b>183.276,83</b>	

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	25.305,16	0,00
Investimentos reais	0,00	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	0,00	
<b>TOTAL</b>	<b>25.305,16</b>	

Período medio de pago: 11,68 días

A comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DE CAMBIO DE FINALIDADE DE FINANCIAMENTO AFECTADO EN RELACIÓN COAS OBRAS DE RENOVACIÓN DA REDE DE AUGA EN AVDA. DOUTOR TOURÓN. (EXP. Nº 02/CF/2019):** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

**MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMOS 2014, 2015, 2016, 2017 E 2018.**

Mediante Providencia da Alcaldía de data 20 de febreiro de 2019 incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente **Nº 02/CF/2019** de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamos a longo prazo concertadas e ingresada nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 afectas aos seguintes proxectos de gasto engadidos nos respectivos Anexos de investimentos por un importe global de **47.608,62€**:

Pro.	Eco.	Proxecto	Denominación	FINANCIAMENTO O QUE SE LLE CAMBIA A FINALIDADE	CONCEPTO INGRESOS
334	63200	2016 2 OBRA 22	OBRAS DE ACOND. CASAS CULTURA MUNICIPAIS-II	31.186,13	87010
132	62300	2018 2 OBRA 1	SUBMINISTRO CHALECOS POLICÍA LOCAL	16.161,29	87010
231	62200	2018 2 OBRA 44	ADQUI. INMOBLE SITO EN AVDA. DR. TOURÓN Nº 3 VILAGARCÍA DE AROUSA	261,20	87010
			<b>TOTAL</b>	<b>47.608,62</b>	

- Expediente **Nº02/CE/2019** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de **47.608,62€**.

Todos eles co fin de dar cobertura o seguinte expediente de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
161-62900	PREST Nº 01/02/2019	OBRAS RENOVACION REDE DE AUGA EN AVDA. DOUTOR TOURON	47.608,62	47.608,62	47.608,62
<b>TOTAIS</b>			<b>47.608,62</b>	<b>47.608,62</b>	<b>47.608,62</b>

O que se pretende con este expediente é acometer actuacións de renovación da rede de abastecemento municipal de auga que atravesada Avda. Doutor tourón a cal ten a consideración de arteria principal dentro da rede de abastecemento municipal de auga, e que debido o seu deterioro, as continuas avarías sufridas nos derradeiros meses están a provocar molestias a numerosos veciños, motivo polo cal precisase a súa substitución de maneira urxente, e de xeito integral.

O servizo de abastecemento domiciliario de auga potible forma parte dos servizos básicos que este Concello está obrigado a prestar nuhas condicións de calidade que neste momento non se cumpren, polo que para poder dar resposta a dita obriga prestacional básica resulta preciso acometer coa maior urxencia posible esta actuación.

Polo tanto, se trata dun gasto específico e determinado para o que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urxente, e para o que no orzamento prorrogado non existe crédito suficiente e axeitado, non sendo admisible esperar nin á aprobación definitiva do orzamento nin o próximo exercicio para a súa execución.

Tendo en conta o sobranse existente nos proxectos de gasto arriba indicados por un importe global de **47.608,62€**, e que constitúe un recurso que pode financiar os aumentos que se propoñen por un importe de **47.608,62€** ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente que existen exceso de financiamento nos proxectos indicados, esta Alcaldía, co obxecto de atender ao gasto anteriormente descrito propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente **nº 02/CF/2019** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **47.608,62€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención do orzamento vixente.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente o expediente nº 02/CE/2019 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de **47.608,62€** para atender os gastos derivados do seguinte expediente de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
161-62900	PREST Nº 01/02/2019	OBRAS RENOVACION REDE DE AUGA EN AVDA. DOUTOR TOURON	47.608,62	47.608,62	47.608,62
<b>TOTAIS</b>			<b>47.608,62</b>	<b>47.608,62</b>	<b>47.608,62</b>

**TERCEIRO:** Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertadas en ingresada nos exercicio 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 para o financiamento dos proxectos engadidos no respectivos Anexos de investimentos, por importe global de **47.608,62€**.

**CUARTO:** O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, implicando a presente modificación o desestimo expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, ben porqué se trata de sobrantes que non presentarán execución no exercicio 2019, ben porqué existe dotación noutros proxectos de gasto para actuacións da mesma natureza, como é o caso do crédito para obras de acondicionamento das Casas de cultura Municipais.

**QUINTO:** Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o novo proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
161-62900	PREST Nº 01/02/2019	2019	OBRAS RENOVACION REDE DE AUGA EN AVDA. DOUTOR TOURON	47.608,62	2016 2 OBRA 22	PRÉSTAMO 2014 / 1 / 002364	27.050,85	87010
					2016 2 OBRA 22	2015 / 1 / 313110 PRESTAMO	4.135,28	87010
					2018 2 OBRA 1	PRÉSTAMO SABADELL 2018 2018 / 1 / 094543	16.161,29	87010
					2018 2 OBRA 44	2015 / 1 / 313110 PRESTAMO	33,15	87010
					2018 2 OBRA 44	PRÉSTAMO SABADELL 2018 2018 / 1 / 094543	50,46	87010



	2018 OBRA 44	2	PRÉSTAMO SABADELL 2016 / 1 / 450579	174,61	87010
	2018 OBRA 44	2	PRESTAMO A BANCA 2017 / 1 / 79420	2,98	87010
<b>TOTAIS</b>				<b>47.608,62</b>	

**SEXTO:** Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

Expediente **Nº02/CF/2019** de modificación de finalidade dos préstamos afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.

Expediente **Nº02/CE/2019** de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente,

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2019 prorrogadas de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

**SÉTIMO:** Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 20 de febreiro de 2019

O ALCALDE

Asdo.:Alberto Varela paz

*Sinatura Dixitalizada*

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario e de cambio de finalidade de financiamento afectado en relación coas obras de renovación da rede de auga en Avda. Doutor Tourón (Expte. Nº 02/CF/2019)

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con dezaseis votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7) e Concelleiro non adscrito (1) e catro abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de EU (2), BNG (1) e Somos Maioría (1)

**ACÓRDASE:** Por maioría:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente nº **02/CF/2019** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **47.608,62€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención do orzamento vixente.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente o expediente nº 02/CE/2019 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de **47.608,62€** para atender os gastos derivados do seguinte expediente de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
161-62900	PREST Nº 01/02/2019	OBRAS RENOVACION REDE DE AUGA EN AVDA. DOUTOR TOURON	47.608,62	47.608,62	47.608,62
<b>TOTAIS</b>			<b>47.608,62</b>	<b>47.608,62</b>	<b>47.608,62</b>

**TERCEIRO:** Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertadas en ingresada nos exercicio 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 para o financiamento dos proxectos engadidos no respectivos Anexos de investimentos, por importe global de **47.608,62€**.

**CUARTO:** O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, implicando a presente modificación o desestimo expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, ben porqué se trata de sobrantes que non presentarán execución no exercicio 2019, ben porqué existe dotación noutros proxectos de gasto para actuacións da mesma natureza, como é o caso do crédito para obras de acondicionamento das Casas de cultura Municipais.

**QUINTO:** Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o novo proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
161-62900	PREST Nº 01/02/2019	2019	OBRAS RENOVACION REDE DE AUGA EN AVDA. DOUTOR TOURON	47.608,62	2016 2 OBRA 22	PRÉSTAMO 2014 / 1 / 002364	27.050,85	87010
					2016 2 OBRA 22	2015 / 1 / 313110 PRESTAMO	4.135,28	87010
					2018 2 OBRA 1	PRÉSTAMO SABADELL 2018 2018 / 1 / 094543	16.161,29	87010
					2018 2 OBRA 44	2015 / 1 / 313110 PRESTAMO	33,15	87010
					2018 2 OBRA 44	PRÉSTAMO SABADELL 2018 2018 / 1 / 094543	50,46	87010

	2018 OBRA 44	2	PRÉSTAMO SABADELL 2016 / 1 / 450579	174,61	87010
	2018 OBRA 44	2	PRESTAMO A BANCA 2017 / 1 / 79420	2,98	87010
<b>TOTAIS</b>				<b>47.608,62</b>	

**SEXTO:** Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

Expediente **Nº02/CF/2019** de modificación de finalidade dos préstamos afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.

Expediente **Nº02/CE/2019** de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente,

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2019 prorrogadas de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

**SÉTIMO:** Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

MANIFESTO 8 DE MARZO 2019

Neste novo 8 de marzo as mulleres seguimos tendo grandes razóns para levantar a voz.

Se realizamos un pequeno percorrido polas realidades que atravesamos, falamos de:

Unha violencia machista que non cesa, o ano 2019 comezou cunhas cifras insoportables, 9 mulleres foron asasinadas por violencia de xénero no mes de xaneiro. Polo que levantamos a voz para dicir “nin unha menos”.

Están a incrementarse as violacións colectivas, ante o que non podemos deixar de lembrar como a xustiza, en vez de actuar coa contundencia que require a gravidade do delito, estanos a desamparar. Polo que levantamos a voz para dicir “se é patriarcal, non é xustiza”.

Existe un preocupante aumento tamén da violencia física e sexual cara ás mulleres máis novas, alcanzando o 11,7%, entre as menores de 24 anos que tiveron parella algunha vez. Polo que levantamos a voz para dicir “se doe non é amor”

Unha fenda de xénero que persiste tozudamente, manifestándose en múltiples indicadores: unha taxa de emprego case dous puntos máis alta para os homes, unha participación nos contratos a tempo parcial 17 puntos máis alta para as mulleres. Unha fenda salarial que se sitúa no 14,2%. Un sistema de pensións que agranda esta fenda, chegando ata o 37% nas pensións de xubilación. Unha infravaloración do traballo feminino que se traduce en diferenzas salariais de ata

o 15% menos en empresas con persoal feminizado. Por iso berramos: “A igual traballo, igual salario”.

Tampouco os datos animan cando falamos do comportamento do mundo do emprego coas mulleres con fillos. A medida que se incrementa o número de fillos menores de 12 anos diminúe a taxa de emprego para estas mulleres. As mulleres entre 25 a 49 anos con fillos maiores de 12 anos, teñen unha taxa de emprego en 2017 de 72,4%, que se reduce ao 66,6% no caso de ter fillos menores de 12 anos. Non ocorre así cos homes, entre os que a taxa de emprego aumenta desde o 83 ao 88% se teñen fillos menores de 12 anos.

Os coidados de nenos ou adultos enfermos, exercidos habitualmente por mulleres, son a causa nun 12,8% dos casos de que estas elixan un traballo a tempo parcial; xa teñen outro non remunerado!!!. Esta causa, con todo, non está entre as que seleccionan os homes para esa circunstancia.

A utilización dos permisos de paternidade e maternidade como indicador dos avances en conciliación resulta tamén moi clarificador, o 94,74% das excedencias para coidados de fillos foron solicitadas por mulleres fronte ao 5,26 solicitadas por homes. Segundo a Enquisa Nacional de Condicións de Traballo 2015, as horas de traballo semanais dedicadas ao traballo remunerado e non remunerado son case 10 máis no caso das mulleres. Un 77,5% de mulleres traballadoras e un 32,9% de homes traballadores realizan todos os días actividades de cociñar e tarefas domésticas.

Este panorama non se explica por factores obxectivos, como a educación, a experiencia ou a antigüidade, pola contra son a maternidade, a infravaloración do traballo feminino e os estereotipos os factores que sosteñen esa diferenza.

A pesar desta realidade túzara e persistente, está a xurdir unha reacción a nivel global e tamén no noso país que non só NON a cuestiona, senón que pretende unha volta atrás na historia culpabilizando ao feminismo e á chamada ideoloxía de xénero de todos os males que nos arrasan. Discursos que defenden a existencia de denuncias falsas, dunha asimetría da lei de violencia de xénero, que reivindicán a existencia do SAP, que responsabilizan ás mulleres das agresións sexuais polos seus comportamentos ou a súa vestimenta, que promoven unha volta das mulleres ás tarefas do fogar e crianza, que culpan ao feminismo da desintegración da familia...discursos que curiosamente son difundidos principalmente por homes (bispos, representantes políticos, xuíces...).

Ante este ataque, basta botar unha ollada ao longo e ancho do planeta para comprobar que son as mulleres quen, aínda nas circunstancias máis hostís, seguen aí, ao pé do canón, ocupándose de que a VIDA, así con palabras maiúsculas, sexa posible. E fano tecendo redes e comunidade e poñendo a vida no centro a través do coidado dos corpos finitos e vulnerables e a través das múltiples loitas que as mulleres protagonizan tentando cambiar o rumbo dun sistema que lle declarou a guerra á propia vida.

Por iso as mulleres, conscientes do importante papel que desempeñamos, unímonos globalmente a nivel mundial para feminizar as resistencias. Porque o que reivindicamos non só é xusto senón necesario socialmente, porque queremos manter a perspectiva dun futuro acolledor seriamente ameazado na actualidade, para todos e todas nós e os nosos fillos e fillas. Este 8 de marzo, por segundo ano consecutivo, celebramos o Día Internacional das Mulleres convocando unha folga que non se limita ao laboral, senón que é tamén unha folga de consumo, estudantil e de coidados. Só desta maneira podemos incluír a todas as mulleres e as súas circunstancias para poder berrar “se nós paramos, o mundo se para”.

Por todo iso o Feminismo é agora mesmo o gran motivo da humanidade para o optimismo, polo que desde o Consello Local da Muller de Vilagarcía de Arousa convidamos a todas e todos a participar e apoiar a convocatoria de folga feminista do próximo 8 de marzo.

Asemade pedimos á corporación municipal que apoie este Manifesto e se sume a participar na súa lectura no acto do vindeiro 7 de marzo ás 12,00h na porta do Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional das Mulleres.

**Dáse conta do texto definitivo do manifesto, que substitúe o anterior:**

## **MANIFESTO 8 DE MARZO 2019 do CONSELLO LOCAL DA MULLER DE VILAGARCIA**

Neste novo 8 de marzo as mulleres seguimos tendo grandes razóns para levantar a voz.

Se realizamos un pequeno percorrido polas realidades que atravesamos, falamos de:

Unha violencia machista que non cesa, o ano 2019 comezou cunhas cifras insoportables, 9 mulleres foron asasinadas por violencia de xénero no mes de xaneiro. Están a incrementarse as violacións colectivas, Existe un preocupante aumento tamén da violencia física e sexual cara ás mulleres máis novas, alcanzando o 11,7%, entre as menores de 24 anos que tiveron parella algunha vez na súa vida.

Unha fenda de xénero que persiste tozudamente, manifestándose en múltiples indicadores: unha taxa de emprego case dous puntos máis alta para os homes, unha participación nos contratos a tempo parcial 17 puntos máis alta para as mulleres. Unha fenda salarial que se sitúa no 14,2%. Un sistema de pensións que agranda esta fenda, chegando ata o 37% nas pensións de xubilación. Unha infravaloración do traballo feminino que se traduce en diferenzas salariais de ata o 15% menos en empresas con persoal feminizado.

Tampouco os datos animan cando falamos do comportamento do mundo do emprego coas mulleres con fillos. A medida que se incrementa o número de fillos menores de 12 anos diminúe a taxa de emprego para estas mulleres. As mulleres entre 25 a 49 anos con fillos maiores de 12 anos, teñen unha taxa de emprego en 2017 de 72,4%, que se reduce ao 66,6% no caso de ter fillos menores de 12 anos. Non ocorre así cos homes, entre os que a taxa de emprego aumenta desde o 83 ao 88% se teñen fillos menores de 12 anos.

Os coidados de nenos ou adultos enfermos, exercidos habitualmente por mulleres, son a causa nun 12,8% dos casos de que estas elixan un traballo a tempo parcial; xa teñen outro non remunerado!!!. Esta causa, con todo, non está entre as que seleccionan os homes para esa circunstancia.

A utilización dos permisos de paternidade e maternidade como indicador dos avances en conciliación resulta tamén moi clarificador, o 94,74% das excedencias para coidados de fillos foron solicitadas por mulleres fronte ao 5,26 solicitadas por homes. Segundo a Enquisa Nacional de Condicións de Traballo 2015, as horas de traballo semanais dedicadas ao traballo remunerado e non remunerado son case 10 máis no caso das mulleres. Un 77,5% de mulleres traballadoras e un 32,9% de homes traballadores realizan todos os días actividades de cociñar e tarefas domésticas.

Este panorama non se explica por factores obxectivos, como a educación, a experiencia ou a antigüidade, pola contra son a maternidade, a infravaloración do traballo feminino e os estereotipos os factores que sosteñen esa diferenza.

A pesar desta realidade túzara e persistente, está a xurdir unha reacción a nivel global e tamén no noso país que non só NON a cuestiona, senón que pretende unha volta atrás na historia culpabilizando ao feminismo e á chamada ideoloxía de xénero de todos os males que nos arrasan. Discursos que defenden a existencia de denuncias falsas, dunha asimetría da lei de violencia de xénero, que reivindicán a existencia do SAP, que responsabilizan ás mulleres das agresións sexuais polos seus comportamentos ou a súa vestimenta, que promoven unha volta das mulleres ás tarefas do fogar e crianza, que culpan ao feminismo da desintegración da familia...discursos que curiosamente son difundidos principalmente por homes (bispos, representantes políticos, xuíces...).

Ante este ataque, basta botar unha ollada ao longo e ancho do planeta para comprobar que son as mulleres quen, aínda nas circunstancias máis hostís, seguen aí, ao pé do canón, ocupándose de que a VIDA, así con palabras maiúsculas, sexa posible. E fano tecendo redes e comunidade e poñendo a vida no centro a través do coidado dos corpos finitos e vulnerables e a través das múltiples loitas que as mulleres protagonizan tentando cambiar o rumbo dun sistema que lle declarou a guerra á propia vida.

Por iso as mulleres, conscientes do importante papel que desempeñamos, unímonos globalmente a nivel mundial para feminizar as resistencias. Porque o que reivindicamos non só é xusto senón necesario socialmente, porque queremos manter a perspectiva dun futuro acolledor seriamente ameazado na actualidade, para todos e todas nós e os nosos fillos e fillas.

Por todo iso o Feminismo é agora mesmo o gran motivo da humanidade para o optimismo, polo que desde o Consello Local da Muller de Vilagarcía de Arousa convidamos a todas e todos a participar e apoiar a convocatoria de folga feminista do próximo 8 de marzo. Asemade pedimos á corporación municipal que apoie este Manifesto e se sume a participar na súa lectura no acto do vindeiro 7 de marzo ás 12,00h na porta do Concello.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o Manifesto definitivo transcrito anteriormente (último texto) e sumarse a participar na súa lectura no acto do vindeiro 7 de marzo ás 12,00h na porta do Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DO 8 DE MARZO.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 19 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

#### **MOCIÓN 8 DE MARZO**

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en apoio ás reivindicacións do 8 de marzo.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado 8 de marzo de 2018 tivo lugar unha mobilización sen precedentes de mulleres secundando unha convocatoria internacional de paros e mobilizacións. O obxectivo fundamental era denunciar a vixencia da desigualdade manifestada en múltiples aspectos.

Desde a fenda salarial e os problemas laborais das mulleres con maior temporalidade, xornadas parciais e precariedade, a falsa conciliación sen servizos públicos que asuman ostraballos de coidados que continúan a recaer, de maneira moi maioritaria, nas mulleres e que, por tanto, ven minguadas as posibilidades de desenvolvemento profesional, ou a situación de violencia que padecen as mulleres tanto por acoso, violacións e abusos como pola cantidade de feminicidios que se continúan a producir. Só no 2018 foron asasinadas en Galiza tres mulleres.

A mobilización, que desbordou todas as previsións existentes ao respecto, foi precedida dunha manifestación nacional o domingo 4 de marzo, unha convocatoria tamén histórica e impulsada polo feminismo galego. Foron moitas as persoas que participaron nas diferentes concentracións e na Galiza

observamos como, proporcionalmente, a mobilización foi maior que no resto do Estado. Esta altísima participación tivo repercusión en todas as cidades e moitas vilas galegas e dá conta de que as mulleres estamos fartas de aturar esta situación desigualdade e violencia e que somos conscientes do retroceso enorme que estamos a padecer en xeral e, no caso galego, en particular, nomeadamente con índices que inciden nunha dupla discriminación, como mulleres e como galegas.

A dereita dedicouse a desacreditar e criminalizar a convocatoria. Máis aínda, cómpre recordar o desafortunado papel da Xunta de Galiza, que acumula varias sentenzas por mor do seu intento de obstaculizar o dereito a folga. Así, se ben a administración galega debiera ter sido exemplar canto ao respecto dos dereitos laborais de folga, tivemos varios exemplos de que non fora así.

Despois das mobilizacións desenvolvidas no noso país temos que lamentar que a resposta por parte das institucións, desde o Estado e sobre todo desde a Xunta de Galiza, teñen sido insuficientes. Desde entón, a Xunta de Galiza non levou a cabo ningunha rectificación para compensar case unha década de políticas económicas e sociais contrarias aos intereses das maiorías sociais en xeral e das mulleres en particular.

Malia mudar o Partido Popular de discurso inmediatamente despois do 8 de marzo de 2018, confirmouse que non hai unha vontade de cambio político real como o que precisamos as mulleres galegas para eliminar ou reducir a preeminencia do patriarcado. Un patriarcado cuxo agravamento está directamente relacionado coas políticas que a dereita leva a executando desde hai anos e no caso galego tamén cunha falta de capacidade de decisión política que nos limita.

Os acontecementos e debates arredor deste histórico 8 de marzo sitúan un desafío político de primeira orde ao servizo do que tiñamos que poñer os nosos instrumentos e capacidades, tamén desde os poderes públicos. Continúan vixentes os motivos que levaron a milleiros de galegas ás rúas hai un ano e é máis, engádense novos retos. Vivimos neste momento unha ofensiva reaccionaria e patriarcal impulsada pola dereita que ten entre outras ameazas o intento de cuestionar a violencia machista, retrotraela ao ámbito do fogar e romper os consensos aos que se tiña chegado cando nin sequera se cumpre co marco legal. Unha ofensiva que tamén afecta aos nosos corpos e a decisión sobre eles, impulsando os ventres de aluguer ou o recorte en dereitos reprodutivos e sexuais como política de fomento da natalidade, situando as mulleres como mercadoría e como obxecto.

Porén, o feminismo galego non vai permitir nin un só paso atrás e desde o BNG chamamos a saudar e sumar a prol das súas iniciativas. Hoxe o movemento feminista galego desde o espazo colectivo Galegas 8M traballa no impulso dunha manifestación nacional o vindeiro 3 de marzo en Lugo e nas mobilizacións do propio 8 de marzo, data na que existe xa a convocatoria de Folga Xeral de Mulleres de 24 horas rexistrada polo sindicato maioritario de Galiza, a Confederación Intersindical Galega.

A ofensiva patriarcal do momento esixe unha resposta máis contundente. É innegábel que despois dunha época de expansión dos dereitos das mulleres e do avance da igualdade estamos a vivir unha forte ofensiva patriarcal de grande complexidade. Aí están, por exemplo, as barrigas de aluguer, a custodia compartida imposta ou a restrición do dereito ao aborto nun contexto no que mentres a violencia machista continúa asasinando mulleres o tan aplaudido Pacto de Estado contra a violencia machista non trouxo un impulso de mudanzas lexislativas e de compromisos orzamentarios suficientes, nin tampouco o goberno galego é permeábel a comprometerse con saltos cualitativos neste aspecto que supoñan cumprir e desenvolver o sinalado na aínda hoxe pioneira lei galega de 2007.

Esta nova folga feminista do 8 de marzo debe ser unha resposta contundente. As mulleres galegas non permitiremos un só paso atrás e esiximos máis para un presente e un futuro de feminismo e liberdade.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1. Manifestar o seu recoñecemento e apoio a Galegas 8M e á convocatoria de manifestación nacional do día 3 de marzo e de folga de mulleres do 8 marzo de 2019, así como manifestar a desaprobación da Xunta de Galiza por ter actuado de forma incorrecta vulnerando o dereito fundamental de folga diante do pasado 8 de marzo de 2018 e non ter impulsado unha rectificación das súas políticas, que contribúen á permanencia da desigualdade. Así mesmo, esta corporación manifesta o seu compromiso contra as ameazas de retrocesos en materia de dereitos, de forma especial en canto a violencia machista, o dereito ao aborto e a permisividade ou legalización dos ventres de aluguer.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN:**

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG, EU e Somos Maioría, informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, en apoio ás reivindicacións do 8 de marzo.

A seguir realízase debate conxunto dos puntos que figuran cos números 7 e 8 da Orde do Día:

Sometida a votación a moción presentada polo grupo político municipal do BNG, da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.**- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1) e sete votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

**ACÓRDASE:** Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e Manifestar o seu recoñecemento e apoio a Galegas 8M e á convocatoria de manifestación nacional do día 3 de marzo e de folga de mulleres do 8 marzo de 2019, así como manifestar a desaprobación da Xunta de Galiza por ter actuado de forma incorrecta vulnerando o dereito fundamental de folga diante do pasado 8 de marzo de 2018 e non ter impulsado unha rectificación das súas políticas, que contribúen á permanencia da desigualdade. Así mesmo, esta corporación manifesta o seu compromiso contra as ameazas de retrocesos en materia de dereitos, de forma especial en canto a violencia machista, o dereito ao aborto e a permisividade ou legalización dos ventres de aluguer.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA DE APOIO Á FOLGA FEMINISTA DO 8 DE MARZO.:**

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, coa data de 20 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2019, a seguinte moción:

### **MOCIÓN DE APOIO Á FOLGA FEMINISTA DO 8 DE MARZO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O vindeiro 8 de marzo, día Internacional da Muller, o movemento feminista, co apoio de organizacións políticas, sociais e sindicais convoca unha folga feminista que, tras o éxito do ano pasado, este 2019 acada unha dimensión internacional.

A folga feminista é unha convocatoria de 24 horas de denuncia fronte ás desigualdades, as discriminacións e as violencias estruturais que sofre máis da metade da poboación mundial, as mulleres, pero tamén de reivindicación dun novo modelo social, xusto, democrático e igualitario.

A folga feminista responde tamén de forma estrutural contra o sistema capitalista e patriarcal que se basea en obter beneficios e privilexios das desigualdades e opresións que sofren as mulleres en toda a súa diversidade (migrantes, racializadas, trans, con capacidades diferentes, novas e maiores). A invisibilización dos traballos de coidados, a feminización da pobreza, as violencias machistas e a falta de liberdade nas identidades sexuais e/ou expresións de xénero son algúns dos síntomas da subordinación social á que se ven sometidas en todas as esferas da vida e fai ineludible tomar todos os espazos que tamén nos pertencen: as rúas, as institucións, os centros



de traballo ou estudo, os mercados, etc. Esta folga convócase para demostrar que se as mulleres paran, o mundo derrúbase. Un mundo cuxo funcionamento, datos e prácticas englobanas e debúxanas nos seguintes escenarios:

- En todo o mundo, as mulleres gañan só entre o 60 e o 75 por cento do salario dos homes en traballos similares. A longo prazo, esta **fenda salarial** afecta as súas pensións. Ademais, as mulleres atópanse nun maior risco de pobreza e exclusión social que os homes, especialmente nos fogares monoparentais. En Galicia a fenda salarial entre mulleres e homes sitúase nun 30%. Esta é a porcentaxe na que debemos incrementar os ingresos medios das mulleres para igualalos aos dos homes e conseguir equiparación retributiva. Así, segundo os últimos datos da Enquisa Anual de Estrutura Salarial do 2016, as mulleres ingresaron 5.480 € menos cós homes polo seu traballo asalariado.

- A práctica da **interrupción voluntaria do embarazo** non está garantida para todas as mulleres (migrantes ou mulleres entre os 16-18 anos). A lexislación existente permite que a clase médica máis reaccionaria poida negarse a realizar a I.V.E. e que o Código Penal siga contemplando o aborto como un delito. Ademais esiximos que se realicen de forma gratuíta e dentro do Sistema de Saúde público. Denunciamos a represión cara a quen encabeza a loita polos dereitos sociais e reprodutivos.

- A misoxinia percorre a cultura e a ciencia en todos os seus ámbitos. Na arte, na literatura, no cine, nas matemáticas, na bioloxía, na inxeniería ou arquitectura... as mulleres apenas existen no espazo público. Esta invisibilización elimina as mulleres da Historia e fai que todas as súas achegas foran e sigan sendo totalmente ignoradas. Esiximos unha **memoria histórica feminista** que reivindique e rescate o papel e a presenza imprescindible das mulleres en temarios e materiais docentes en todos os niveis educativos e en todos os espazos culturais.

- As mulleres están desprotexidas fronte ás agresións sexuais e as violacións. Desde 2016 cometéronse 89 agresións sexuais múltiples no Estado Español. Esiximos unha **educación afectivo-sexual** desde a igualdade e a diversidade sexual, identidade e/ou expresión de xénero e que eduque os homes nunha masculinidade non violenta.

- Os continuos asasinatos de mulleres deben traducirse nun rexeitamento frontal a esta inaceptable realidade, que consolide a construción dunha cultura antipatriarcal para erradicar esta violencia sistémica da vida das mulleres. O **Pacto de Estado contra as violencias machistas** -polo demais insuficiente- debe dotarse de forma inmediata de recursos e medios suficientes para o desenvolvemento de políticas públicas globais, reais e efectivas que axuden a conseguir unha sociedade libre de violencias contra as mulleres e nenas.

- A notoria expansión que está adquirindo o debate e a demanda dos **ventres/úteros de aluguer**, non o esquezamos, de mulleres empobrecidas que son as que se ven obrigadas a esta forma de explotación capitalista e patriarcal. É un nicho de negocio que mercantiliza os corpos.

- As miles e miles de **mulleres e nenas traficadas** para consumo sexual dos homes e a súa irrefutable conexión coa “industria do sexo” e a prostitución, fai imprescindible a posta en marcha de políticas públicas e protocolos globais contra a trata que implementen o Protocolo de Palermo para que as mulleres vítimas de trata e en situación de prostitución teñan alternativas formativas e laborais, asistencia social e mecanismos de asilo e protección reais.

- As **mulleres migrantes** sofren maiores violencias no proceso migratorio e discriminacións xenófobas e racistas. Por iso son necesarias unhas políticas de estranxeiría respectuosas cos dereitos humanos e unhas políticas públicas que creen alternativas para as traballadoras migrantes en situación administrativa irregular, que loiten contra a súa exclusión e abuso no mercado laboral.

Por estas e moitas máis razóns é imprescindible que este Concello apoie a Folga Feminista convocada para o 8 de marzo, unha folga que irá enmarcada con grandes manifestacións onde as mulleres tomarán as rúas para demostrar que non só hai que parar o mundo, senón que tamén hai que transformalo, cambiando os modelos patriarcais e capitalistas por modelos de igualdade, xustiza, paridade, liberdade, diversidade e democracia.

Por todo iso, propónselle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

**PRIMEIRO.** Apoiar a Folga Xeral Feminista, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.

**SEGUNDO.** Articular na práctica políticas globais con dotación económica suficiente, de xestión pública, con estatísticas e avaliacións, que cambien a realidade material das mulleres, en aras dunha igualdade real.

**TERCEIRO.** Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.

**CUARTO.** Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

En Vilagarcía de Arousa, a 20 de febreiro de 2019

Jesús López Rodríguez  
EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza  
Somos Maioría (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU, BNG e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría de apoio á folga feminista do 8 de marzo

Sometido a votación a moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, dá o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1) e sete votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría e,

**PRIMEIRO.** Apoiar a Folga Xeral Feminista, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.

**SEGUNDO.** Articular na práctica políticas globais con dotación económica suficiente, de xestión pública, con estatísticas e avaliacións, que cambien a realidade material das mulleres, en aras dunha igualdade real.

**TERCEIRO.** Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.

**CUARTO.** Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO ENTORNO DO RÍO DO CON E TRAVESÍA ALEJANDRO CERECEDO.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 20 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 28 de febreiro de 2018 a seguinte

**MOCIÓN:**

“Actuacións no entorno do río do Con e Travesía Alejandro Cerecedo”

**EXPOÑEN**

Os veciños e comerciantes do entorno do río do Con e Travesía Alejandro Cerecedo manifestan a necesidade de que se leven a cabo un paquete de medidas que veñan a arrenxar problemas antigos que seguen sen ter solución e que se minimicen os efectos das últimas actuacións urbanísticas no entorno, que non foron ben aceptadas polos residentes.

Os comerciantes que teñen os seus negocios na beira do río solicitan que no muro onde está previsto que se instalen as novas barandas se interveña, ademais do aspecto estético, na funcionalidade do paramento. Así, demandan que os buratos que actúan como desagüe ó río se fagan de maior tamaño porque cando as choivas son abudantes, non son quen de evacuar a auga acumulada e acaba anegando os locais comerciais.

Estes mesmos comerciantes únense á petición dos veciños e usuarios da zona, moi próxima a un parque infantil, para que se axilice a instalación das comprometidas barandas, xa que actualmente existe un serio risco de caídas dado que na meirande parte dos tramos non hai nin balizas que sinalen a ausencia de barreiras.

Do mesmo xeito os veciños da Travesía Alejandro Cerecedo mostran o seu malestar pola reordenación do tráfico rodado resultante da última actuación na zona. Existe un garaxe no que aparcan arredor de 100 vehículos, que son obrigados a entrar e saír por un mesmo itinerario. A visibilidade é nula no xiro que se produce diante da porta da panadería e xa se rexistraron pequenos incidentes de circulación e mesmo con presenza de peóns en situacións de risco. Os propios residentes da zona opóñense a que a circulación do tráfico discurra pegada á fachada dos edificios, existindo ancho suficiente como para que os vehículos poidan desprazarse polo medio da rúa, deixando unha zona de seguridade a carón dos edificios.

Igualmente mostran o seu rexeitamento ó acabado da obra de tintado do firme. No momento no que se levou a cabo varios dos comerciantes e veciños da zona mostraron públicamente o seu malestar porque mesmo produciu un destenido coincidindo coa épocas de choivas que obrigou a algún negocio a ter que pechar o acceso ós seus clientes polo perxuízo que as pegadas de pintura estaban a ocasionar no interior dos establecementos.

O acabado final desa obra non conta coa aprobación xeral dos residentes, que entenden que é preciso rematar os múltiples detalles que quedaron pendentes, tanto estéticos como de calidade dos materiais empregados.

Por último, existen tamén queixas pola falta de limpeza no entorno, que provocan que unha zona na que se acometeu un proxecto non está en condicións óptimas poucos meses despois.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

**SOLICITA**

- Que se atenda a petición dos comerciantes do entorno do río do Con de incrementar os vanos de desagüe para que en momentos de acumulación de auga por fortes precipitacións non se anegue a rúa e se meta a auga no interior dos baixos comerciais.

- Que se repoñan as barandas da marxe do río porque a súa ausencia (incluso sen balizas) supón un serio risco para os usuarios da zona, incluídos os máis pequenos, por estar preto dun parque infantil.

- Que se modifique a reordenación do tráfico na Travesía Alejandro Cerecedo e se resolva a situación de risco manifesto para vehículos e peóns ó ter que circular pegados á entrada de edificios e negocios.

- Que se arranxe a parte estética do actuación na citada travesía e se aumente e mellore a limpeza da zona.

Elena Suárez – Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación , da moción presentada polo grupo político municipal do PP en relación con actuacións no entorno do Río do Con e Travesía Alejandro Cerecedo

- O Sr. Leirós Gude, en representación do grupo político municipal do BNG solicita modificar os apartados 3º e 4º da moción por non estar de acordo con ambos, ou no seu caso, suprimilos. En definitiva, solicita a eliminación dos apartados 3º e 4º.

- A voceira do PP non acepta a emenda de supresión dos apartados 3º e 4º da moción solicitado polo BNG.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP(7), EU (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1) e unha abstención pertencentes ao membro do grupo político municipal do BNG

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e,

- Que se atenda a petición dos comerciantes do entorno do río do Con de incrementar os vanos de desagüe para que en momentos de acumulación de auga por fortes precipitacións non se anegue a rúa e se meta a auga no interior dos baixos comerciais.

- Que se repoñan as barandas da marxe do río porque a súa ausencia (incluso sen balizas) supón un serio risco para os usuarios da zona, incluídos os máis pequenos, por estar preto dun parque infantil.

- Que se modifique a reordenación do tráfico na Travesía Alejandro Cerecedo e se resolva a situación de risco manifesto para vehículos e peóns ó ter que circular pegados á entrada de edificios e negocios.

- Que se arranxe a parte estética do actuación na citada travesía e se aumente e mellore a limpeza da zona.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE REGULACIÓN MEDIANTE ORDENANZA MUNICIPAL DA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL EN VILAGARCÍA.:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 20 de febreiro de 2019, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 28 de febreiro de 2018 a seguinte **MOCIÓN:**

**“Regulación mediante ordenanza municipal da circulación de Vehículos de Mobilidade Persoal en Vilagarcía”**

EXPOÑEN

O uso de Vehículos de Mobilidade Persoal incrementouse nos últimos meses e anos de maneira destacada nas cidades e vilas españolas. Vilagarcía non é unha excepción a esta tendencia e o certo é que é habitual que este tipo de vehículos se despracen polas distintas vías e rúas do termo municipal, ás veces a velocidade aparentemente inadecuada sorteando peóns co risco que conleva.

Ata o momento o seu número, frecuencia e uso non foron tan significativos como o de agora, e mesmo é previsible que no futuro se incremente o parque móbil eléctrico vilagarcían, con especial incidencia nos períodos vacacionais, e de xeito máis marcado en tempadas continuadas como o verán.

A convivencia entre peóns e os diferentes vehículos eléctricos ou a pedais polas rúas e beirarrúas xera unhas necesidades evidentes de regulación para protexer a todos os actores implicados e que prime a súa seguridade. Existen queixas dos viandantes e dúbidas por parte dos usuarios sobre a normativa a aplicar nos desprazamentos urbáns destes vehículos.

Mentres outras cidades deron xa o paso de regular este tipo de vehículos mediante ordenanzas municipais, en Vilagarcía non existe un texto específico, actualizado e adaptado ás novas necesidades de mobilidade e á configuración da cidade, especialmente nas rúas e prazas peatonalizadas.

A Dirección Xeral de Tráfico anunciou hai tempo a súa intención de traballar na regulación da utilización destes vehículos, pero mentres isto se materializa, cremos imprescindible a implantación dun regulamento municipal propio, como xa acontece noutras cidades, que defina algúns aspectos básicos como poden ser: O uso do casco, a velocidade máxima permitida, os espazos polos que poder circular correctamente, as súas posibles restriccións, as distancias de seguridade ou as prioridades de paso nas distintas vías son algúns dos aspectos que convén regular canto antes para que Vilagarcía sexa unha cidade máis segura. Os cambios normativos da DXT son igualmente necesarios e complementarios a esta ordenanza.

É evidente que para a redacción do texto da ordenanza será imprescindible seguir o criterio da Policía Local de Vilagarcía.

Do mesmo xeito, resulta necesario que unha vez o Concello de Vilagarcía conte co texto da ordenanza e entre en vigor, se leve a cabo unha campaña de información cidadá para que todos os veciños, peóns e usuarios de VMP coñezan os seus dereitos e as súas obrigas á hora de desprazarse e convivir nas rúas da cidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

-Que, seguindo o criterio da Policía Local, se redacte e aprobe unha ordenanza municipal que regule o uso dos Vehículos de Mobilidade Persoal (eléctricos, a pedais, etc) no Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Que se inste ó Goberno Central, que a través da DXT, se axilice a regulación sobre a circulación deste tipo de vehículo a nivel nacional.

Elena Suárez – Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre Regulación mediante ordenanza municipal da circulación de vehículos de mobilidade persoal en Vilagarcía.

- A Sra. García Sanmartín, en representación do grupo político municipal do PSG-PSOE propón: agardar á normativa da Dirección Xeral de Tráfico e introducir a regulación na vixente Ordenanza Municipal de Circulación.

- A voceira do grupo político municipal do PP propón non agardar a normativa da Dirección Xeral de Tráfico, pero acepta incorporar a regulación na ordenanza municipal de circulación vixente seguindo o criterio da Policía Local.

Sometido a votación a moción do grupo político municipal do PP, coa emenda parcial indicada, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP coa emenda parcial indicada e,

-Que, seguindo o criterio da Policía Local, se incorpore á ordenanza municipal de circulación actual a regulación do uso dos Vehículos de Mobilidade Persoal (eléctricos, a pedais, etc) no Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Instar ó Goberno Central, que a través da DXT, se axilice a regulación sobre a circulación deste tipo de vehículo a nivel nacional.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **12. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **13. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **14. ROGOS E PREGUNTAS.** Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190228&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**15. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.**

Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:15 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.